

3 Noviembre de 2015 - Revista 1045

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 5

PREMIOS E CONCURSOS / 6

NOVAS DE EMPREGO / 8

EN PORTADA

Máis de 150 profesionais que traballan coa mocidade asistiron aos sete encontros territoriais de Xuventude organizados pola Consellería de Política Social

Xoves, 29 Outubro 2015 08:36



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presidiu no día de hoxe os dous últimos **Encontros territoriais de información xuvenil celebrados nos Espazos Xoves de Carballo e Pontedeume**. Estes encontros enmárcanse nas reunións que a Dirección Xeral está a manter cos concelleiros de Xuventude e os profesionais da Rede Galega de información xuvenil co obxectivo de facilitar a participación activa e o intercambio de experiencias entre os diferentes axentes que traballan de xeito directo coa xuventude galega. No mes de outubro celebráronse en total sete encontros que contaron coa participación de máis de 150 profesionais da Rede Galega de Información Xuvenil e que, ademais dos celebrados hoxe, tiveron lugar nos **Espazos Xoves de Curtis,**

Noia e Ourense e nas Delegacións Territoriais de Lugo e Vigo.

No marco deste foro, a directora xeral destacou que *“Galicia foi a primeira comunidade que lle facilitou aos técnicos da información xuvenil a posibilidade de obter un certificado de profesionalidade, a través de procedementos de recoñecemento das competencias e da experiencia adquirida”*. Neste sentido, Galicia foi pioneira en por en marcha tres procedementos de recoñecemento de competencias profesionais en información xuvenil a través da acreditación das súas competencias, adquiridas pola súa experiencia laboral e/ou pola formación obtida a través da educación non formal.

Deste xeito, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, está a renovar as políticas autonómicas para a mocidade. A xestión da Xunta de Galicia baséase en programas pioneiros en todo o Estado desenvolto nos últimos anos e que se sustentan na utilización da educación non formal como método de adquisición de novas habilidades e competencias.

Rede galega de Información Xuvenil

A Rede Galega de información xuvenil está composta por por 248 Oficinas Municipais de Información Xuvenil, 69 Puntos de Información Xuvenil e 12 Espazos Xoves dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, emprazadas en Betanzos, Carballo, Curtis, Noia, Pontedeume, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Tui, Vilagarcía e Ourense.

Este ano os **Encontros** xiran en torno a cinco temáticas: o **programa de Garantía xuvenil, Correspondentes xuvenís, Educación non formal, Galeuropa e Iniciativas Xove**.

Máis de 300 mozos e mozas galegos participan en Xuventude Crea 2015, a ‘maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega’

Sábado, 31 Outubro 2015 19:06

- Cecilia Vázquez apunta cara ao papel das administracións porque *“temos que ser capaces de ofrecer solucións e ferramentas que permitan a apertura dos nosos mozos e mozas cara á novidade da creación, a invención ou o descubrimento”*
- Na edición do 2015 presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo, para as once especialidades do certame: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, salientou hoxe que o **programa Xuventude Crea 2015** *“engloba a maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega”*. Así o fixo durante a fase final do certame na especialidade de graffiti onde asegurou que os proxectos do programa son *“ideados e executados polos mozos e mozas como unha expresión do seu talento e da súa creatividade; o talento e a iniciativa ao servizo da creación de proxectos artísticos”*.

Cecilia Vázquez apuntou cara o papel das administracións en prol da xuventude porque *“temos que ser capaces de ofrecer solucións e ferramentas que permitan a apertura dos nosos mozos e mozas cara á novidade da creación, a invención ou o descubrimento”*. Así tamén apuntou cara a importancia de *“establecer ferramentas e o apoio necesario para que os mozos e mozas sexan capaces de desenvolver os seus valores e habilidades, conseguir que poidan manifestar a súa inxenuidade artística e cultural, ao mesmo tempo que se fomenta a creatividade xuvenil e se mostra o talento da mocidade galega”*.

Na edición do 2015 presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo, para as once especialidades do certame: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti. Participan máis de 300 mozos e mozas galegos, ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos. Ao longo do mes de novembro terán lugar as fases finais do certame nas especialidades de teatro, moda, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias e música.

Finalistas e premios

Nove son os finalistas da especialidade de graffiti do **Xuventude Crea 2015**: *Silcoe* (Marcos Lamas Bestilleiro, da Coruña) co traballo ‘O rostro do querer’; *Honey* (Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera, de Baiona) coa obra ‘Vacaloura máxica’; *Roxk 981* (Guillermo Ramírez Gaspar, da Coruña) con ‘Rock na cidade’; *Maz* (Marcos Fernández Cea, de Vigo) con ‘Xeometrías tropicais’; *Mon Devane* (Ramón Conde-Corbal Varela, de Ourense co proxecto ‘Festa neón’; *O neto do Santos* (Abraham Caride Fernández, de Ourense) coa obra ‘Enxebre’; *Buble gum* (Tirso Paz Sans, de Lugo) con ‘Mirada melosa’; *D. Mayo* (Daniel Mayobre López, da Coruña) con ‘Sen presa, sen pausa’; e *Daniel* (Daniel Gariido García, de Vigo) co proxecto ‘Odisea na praia’.

Os premios serán 3.000 euros para o gañador, 1.500 euros para o segundo e 1.000 euros para o terceiro. E, por outra banda, o xurado tamén pode outorgar mencións de honra, sen dotación económica.

A Dirección Xeral de Xuventude colabora no concurso Euroscola, un programa pedagóxico baseado no intercambio de coñecementos entre estudantes europeos

Martes, 03 Novembro 2015 07:57

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado colabora na **XXII edición do concurso Euroscola** organizado pola Oficina de Información do Parlamento Europeo en España en colaboración coa Representación de España da Comisión Europea e a Secretaría do Estado para a Unión Europea. Este programa pedagóxico de educación en valores consiste nun xogo en liña composto por unha serie de probas de coñecementos, habilidades, memoria, velocidade, intelixencia e sobre todo, traballo en grupo.

A vixésimo segunda edición do concurso está dedicada aos 30 anos de España na Unión Europea (1986-2016) e desenvolverase a través dunha plataforma interactiva educativa en internet (www.euro-scola.com). Os obxectivos fundamentais da iniciativa son o fomento do uso de internet e das novas tecnoloxías como ferramentas educativas, achegar a Unión Europea aos mozos mellorando os seus coñecementos e implicación na construción de Europa así como fomentar a aprendizaxe das linguas europeas.

A través desta iniciativa se lle da aos estudantes a posibilidade de interactuar e intercambiar información nun idioma distinto ao seu, e, así mesmo, de dar a coñecer o seu centro educativo e a rexión de procedencia como intercambio de coñecementos que reflicte a diversidade dos pobos de Europa e enriquece o diálogo cultural.

Viaxe a Estrasburgo

Os equipos gañadores obterán como premio a participación no **programa Euroscola do Parlamento Europeo** na súa sede en Estrasburgo (Francia) e unha axuda económica para parte da viaxe. Ademais, todos os participantes poderán optar aos premios que conceda cada Comunidade Autónoma ou outros organismos colaboradores. No caso de Galicia, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado será a encargada de subvencionar estes agasallos que consistirán en material escolar.

A participación neste programa é unha experiencia única para que os alumnos dos centros escolares poidan vivir de cerca o proxecto de integración europea. Os estudantes gañadores de España poderán compartir esta experiencia que os converterá por un día en eurodiputados na sede do Parlamento Europeo con máis rapaces seleccionados de outros estados membros da Unión.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Final da especialidade de Deseño de xoias do programa Xuventude Crea 2015

Mercres, 28 Outubro 2015 15:35



A **inauguración da exposición** cos proxectos finalistas vai ter lugar o día **17 de novembro**, ás 20:00 h na Fundación Eugenio Granell, Praza do Toural, Santiago de Compostela.

As coleccións finalistas permanecerán expostas do **18 ao 28 de novembro**:

De martes a venres: de 11:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 20:00 h.

Sábados: de 12:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 20:00 h

Final de artes plásticas e fotografía do programa Xuventude Crea 2015

Xoves, 29 Outubro 2015 06:42



O día **10 de novembro de 2015 ás 12 da mañá**, inaugurase a exposición das obras finalistas das especialidades de **Artes plásticas e Fotografía**, na Igrexa da Universidade en Santiago de Compostela. A exposición permanecerá aberta ao público do **10 ao 28 de novembro de 2015**, de luns a sábado en horario de 11:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 a 20:30 h

Finalistas da especialidade de Artes plásticas:

Modalidade de Escultura:

Título da obra	Pseudónimo
"Trazos físicos da terra"	Maraña de cores
"Diafanía"	Adtaracido
"Grane"	Elelum

"Conciencia plástica"	Conciencia plástica
"Cinco sobre un"	Vandergoes
"Sen ti"	B.S.
"O vento na pel"	Rascarla

Modalidade de Pintura:

Título da obra	Pseudónimo
"Noticario das 15:00 h"	Curga
"Puzzle de FluídoFaunoRostros"	Carlo
"Vida detida: sombras e ondas"	Zana
"Remigio"	Troscio
"Mandalas"	Sino
"Acechando"	Shelfica
"4 ensoñacións"	Mina
"Habitar, erosión e ruína"	R
"Amplía miras"	Tones

Finalistas da especialidade de Fotografía:

Título da obra	Pseudónimo
"Otro punto de vista"	Za
"Xeometrías"	Clevinger
"Do ermo"	Eduarda Ponte
"Metamorfose"	Miñoca
"Galiza is different"	Lig
"Pegadas"	Margot
"Conciencia plástica"	Conciencia plástica
"Artabro vertical"	ARV
"Espellos, espazo de reflexión"	Muller colorada
"Ascender"	Calila
"Poemas obxecto"	Tones
"Einwegkamera (cámara de un solo uso)"	Selotl
"Pretérito ulterior"	Celeste
"Vivir en las nubes II"	Volar
"A terra, amencer e solpor"	Arianrhod
"Recordo"	Marsu

Viaxes solidarias a Marrocos e Senegal

Xoves, 29 Outubro 2015 08:17



A asociación sen ánimo de lucro **Vento Norte Sur** proponche as seguintes viaxes:

VII Viaxe Solidaria ao Deserto Marroquí, intercambio cultural co pobo bereber marroquí. Unha experiencia única na que vivirás durante unha semana a esencia do deserto. Unha viaxe a través do cal poderás levarche unha visión completa da vida e cultura do pobo bereber.

Datas: do 26 de decembro de 2015 ao 2 de xaneiro de 2016

Requisitos: Maiores de 16 anos (menores de 18 anos achegarán autorización do paterna ou do titor).

Cota de participación: 390 euros (ambas as opcións de participación).

III Atlas trekking solidario, un percorrido a pé polo Val do río Ounila, unión entre o deserto e o Alto Atlas. Un val que parece quedar anclado na idade media. Tamén visitarán as impresionantes gargantas do río Todra e pasarán a Noitevella nos palmerales milenarios do río Ziz.

Datas: do 26 de decembro de 2015 ao 2 de xaneiro de 2016.

Destinatarios: maiores de 18 anos (menores de 18 anos poden ir acompañados por familiares).

Cota de participación: 390 euros.

III Viaxe Solidaria a Ndiawara (Senegal), ofrece a posibilidade de protagonizar e colaborar nunha experiencia única mergullándoche na cultura e costumes senegalesas. Aloxamentos en casas tradicionais xunto a familias de acollida coas que compartirás momentos inesquecibles. Da man da túa familia e xunto aos cooperantes senegaleses, vivirás no día a día da singular cultura senegalesa.

Datas: do 26 de decembro de 2015 ao 5 de xaneiro de 2016.

Cota participación: 550 euros.

Requisitos: Maiores de 18 anos.

A todas estas viaxes aplicaráselle un desconto co carné xove.

Máis información: Asociación Vento Norte Sur. Teléfono 630 683 008 e 636 385 176.

info@vintonortesur.org <http://www.vintonortesur.org/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Clube de Conversa en Lingua Inglesa

Martes, 03 Novembro 2015 00:00



Amplíase o prazo de inscrición no **Clube de Conversa en Lingua Inglesa**, ata cubrir as prazas dispoñibles, tanto nos dous grupos de nivel Intermedio como nos dous de nivel Avanzado.

Novas nivel avanzado:

O pasado xoves día **29 de outubro** foi a primeira reunión do grupo 2 de nivel Avanzado en horario de 18.30 a 19.30.

O grupo 1 de nivel Avanzado empezará a funcionar o próximo xoves **5 de novembro** en horario de 17.00 a 18.00 h.

Novas nivel intermedio:

O grupo 2 de nivel Intermedio empeza este martes **3 de novembro** en horario de 18.30 a 19.30 h.

O grupo 1 de Nivel Intermedio, con horario os martes de 17.00 a 18.00 h, empezará a funcionar cando reúna o número mínimo de participantes.

O **Clube de Conversa en Lingua Inglesa** é unha iniciativa do *Centro Coordinador de Información Xuvenil*, en *Santiago de Compostela*, dentro do programa **"O Son das Linguas"** cuxo obxectivo é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas.

Esta actividade vai dirixida a xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel Intermedio ou Avanzado. O centro pon a disposición das persoas interesadas en participar unha sala equipada con ordenador e proxector, así como apoio técnico na organización e dinamización da actividade.

As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando a casilla correspondente na solicitude de participación:

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil
Rúa Ramón Piñeiro nº 17-19 baixo
Telf. 881 99 76 07 / 06
Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

Bolsas en investigación social aplicada

Martes, 03 Novembro 2015 08:40



O **Centro de Investigacións Sociolóxicas, CIS**, convoca **10 bolsas** destinadas a titulados superiores universitarios, para a formación de postgraduados nos métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada.

Requisitos: título graduado ou licenciado nos catro anos anteriores.

Os aspirantes á obtención desta bolsa deberán acreditar unha cualificación media final igual ou superior a un 1,8 (segundo o baremo de 1 a 4).

O disfrute das bolsas será **entre febreiro e decembro de 2016**.

A contía individual da bolsa será de 12.190 € anuais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de novembro de 2015**.

Máis información no BOE do 3 de novembro de 2015 e en www.cis.es

Bolseiros/as para o Arquivo, Biblioteca Provincial e Servizo de Patrimonio da Deputación da Coruña

Martes, 03 Novembro 2015 08:53



A **Deputación da Coruña** convoca as seguintes bolsas:

Oito bolseiros graduados ou licenciados en Documentación realizarán tarefas na Biblioteca Provincial.

Tres bolseiros graduados ou licenciados en Documentación realizarán tarefas no Arquivo Provincial (dous durante o período novembro-décembro de 2015, incorporándose o terceiro a data 01 de xaneiro de 2016).

Catro bolseiros graduados ou licenciados en Documentación realizarán tarefas nos Servizos de Patrimonio e Contratación.

Requisitos dos solicitantes:

Non percibir ningunha axuda económica incompatible.

Obter o grao en Información e Documentación ou licenciatura en Documentación pola Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña (Campus de Ferrol) nos cursos 2013-2014 e 2014-2015.

En caso de vacante ou ampliación teranse en conta as licenciaturas nos cursos anteriores ata o curso 2007-2008.

Dotación: 840,56 €/mes

O **prazo** de presentación das solicitudes será ata o día **19 de novembro de 2015** (incluído), sendo o **1 de decembro de 2015** a data de inicio das prácticas.

Máis información no BOP da Coruña do 3 de novembro de 2015.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

XXII edición de concurso Euroscola: aberto o prazo de inscrición

Martes, 27 Outubro 2015 08:56



A Oficina de Información do Parlamento Europeo en España, en colaboración coa Representación en España da Comisión Europea e a Secretaría do Estado para a Unión Europea, convoca a **XXII edición do concurso Euroscola**, un xogo on – line composto por unha serie de probas de coñecementos, habilidades, memoria, velocidade e intelixencia e sobre todo, traballo en grupo.

Tema de Euroscola 2016: 30 anos de España na Unión Europea (1986-2016).

Inscricións.- A partir do 27 de outubro de 2015 a través da web www.euro-scola.com

O **obxectivo desta convocatoria** é: reflexionar cos mozos e mozas sobre o proceso de transformación de España a partir da súa integración da Unión Europea en 1986; promover o pensamento crítico; valorar o que se alcanzou e analizar os desafíos e retos que se formulan para o futuro

O **concurso Euroscola** desenvolverase a través dunha plataforma interactiva e ten como obxectivos fundamentais:

- Fomentar o uso de internet e das novas tecnoloxías como ferramentas educativas.
- Acercar a UE aos mozos/as, mellorando os seus coñecementos e implicación na construción de Europa.
- Fomentar a aprendizaxe das linguas europeas

Destinatarios.- Poden participar nesta iniciativa todos os centros escolares de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato ou ciclos de Formación Profesional de grao medio establecidos no territorio nacional.

Para participar é necesario inscribirse por equipos, formados por 10 alumnos/as, de entre 15 e 18 anos, e un profesor responsable que será o líder e representante do equipo.

Poden participar todos os centros escolares de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato o Ciclos de Formación Profesional de Grado Medio establecidos en el territorio nacional.

Toda a información en:

<http://www.euro-scola.com/>

Premio Concepción Arenal: proxectos educativos pola igualdade de xénero 2015

Martes, 03 Novembro 2015 09:20



A Deputación da Coruña convoca o **Premio Concepción Arenal: proxectos educativos pola igualdade de xénero 2015**.

O **obxecto do certame** é deseñar e executar proxectos educativos que procuren o desenvolvemento de habilidades para a identificación e o rexeitamento de estereotipos sexistas que contribúen a xerar e manter a violencia de xénero, así como a construción de esquemas alternativos que axuden a comprender e respectar a igualdade de oportunidades real entre sexos.

Participantes:

Poderán participar centros educativos públicos da provincia que impartan educación infantil, primaria, ou as dúas, educación especial e educación secundaria nas seguintes modalidades:

- a) Proxectos educativos en educación infantil

- b) Proxectos educativos en educación primaria
- c) Proxectos educativos en educación secundaria

Cada centro educativo só poderá participar cun único proxecto.

Premio: Convócase un premio en metálico de 5.000 euros por cada modalidade.

O **prazo** para presentar guións estará aberto ata o **30 de novembro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 30 de outubro de 2015.

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

IX certame literario Terras de Chamoso

Mercores, 28 Outubro 2015 11:44



A Asociación cultural Arumes do Corgo organiza o **IX certame literario Terras de Chamoso**

Temática e idioma: A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega.

Categorías:

Categoría infantil (dos 10 aos 14 anos).

Categoría Xuvenil (dos 14 aos 18 anos).

Categoría Adultos (maiores de 18 anos).

Modalidades:

Poesía (de 30 a 60 versos)

Relato Curto (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.

Presentación: cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografiados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a *información persoal*: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. *Remitiránse ao seguinte enderezo:* A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo) ou ao correo-e: arumescorgo@gmail.com. Deberán enviarse no mesmo correo dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro co lema que distinga o traballo, no que constará, no seu interior nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Este segundo arquivo, será custodiado pola xunta directiva da *Asociación Cultural Arumes do Corgo*, entregando únicamente ao xurado a obra e o lema da mesma.

Prazo: o prazo de entrega rematará o día **23 de novembro de 2015**.

Premios: para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato.

Cada premio consiste nunha figuríña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. A maiores, os 1º premios recibirán un libro electrónico.

Xurado: estará composto por membros da *Xunta Directiva da Asociación*, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.

Entrega de premios: a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día **19 de decembro de 2015** no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.

Non premiados: Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.

Máis información na Asociación Arumes do Corgo: <http://arumescorgo.blogspot.com.es/>

II concurso de guións contra a violencia de xénero

Martes, 03 Novembro 2015 09:13

A *Deputación da Coruña* convoca o **II concurso de guións contra a violencia de xénero**.

Participantes:

Poderán participar todas as persoas físicas con idades comprendidas entre 14 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou preferentemente en grupo (máximo 6 participantes por grupo), supervisados e titorizados por persoal docente do centro público de estudos ao que se adscribe, pertencentes á provincia da Coruña, e apoiados.



Cada participante/s só poderá presentar un único guión orixinal e inédito, non premiado con anterioridade. Empregará a lingua galega e a perspectiva de xénero.

Temática:

O premio concederáse ao mellor guión onde se combinen aptitudes artísticas e creativas do alumnado na creación dun guión creativo, con impacto social e potencialidade audiovisual, orixinal e non publicado que en tan só uns minutos pretenda concienciar a poboación en xeral dos motivos polos que debemos xuntar os nosos esforzos para combater a violencia de xénero e erradicar esta lacra social.

Terase en conta a viabilidade da posterior produción audiovisual.

Os textos empregados deberán respectar os principios da lexislación vixente en políticas de igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero.

Formato:

1. Identificarase cun título.
2. Redactarase con formato courier 12, interliñado sinxelo, aliñado á esquerda con numeración de escenas e páxinas. Máximo 4 páxinas de guión (previsto para unha produción aproximadamente de 3 ou 4 minutos).
3. Deberá conter, polo menos, as seguintes partes; encabezado de escena, descrición/acción, personaxe, diálogo (de ser o caso), anotación ou parénteses, transicións, e planos.
4. Presentarase en papel e en soporte dixital. O guión impreso non poderá ir asinado co nome, a única referencia será o título.
5. O idioma empregado será o galego, e engadirase a perspectiva de xénero.

Premio:

Outorgarase un único premio ao guión gañador que consistirá nun curso práctico de realización de curtas, no que se producirá o vídeo con base no guión gañador que se adaptará segundo as necesidades e onde as persoas participantes poderán ser partícipes e protagonistas en todo o proceso.

Así mesmo, outorgarase un premio en metálico de 2.000 € ao centro educativo que titorice o guión gañador.

O **prazo** para presentar guións estará aberto ata o **30 de novembro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 30 de outubro de 2015.

NOVAS DE EMPREGO EMPREGO PUBLICO

Conductor/a para o Servizo Galego de Saúde

Xoves, 29 Outubro 2015 09:32

O **Servizo Galego de Saúde** abre o prazo para inscribir as persoas interesadas na lista de aspirantes para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais no ámbito do *Servizo Galego de Saúde* e entidades adscritas á *Consellería de Sanidade*, na categoría de condutor/a.

A formalización das solicitudes de inscrición efectuarana as persoas interesadas a través do currículo profesional habilitado electronicamente (Fides/Expedient-e/Sección de Procesos), ao cal se accederá a través da páxina [web www.sergas.es](http://www.sergas.es)

Requisitos:

Deberá posuír, polo menos, unha das titulacións indicadas:

- Graduado escolar.
- Graduado/a en ESO ou equivalente.
- Título de técnico (formación profesional de grao medio).
- Formación profesional de primeiro grao.

E, adicionalmente, deberá estar en posesión dos seguintes **permisos e/ou certificacións**: Permiso de conducir clase BTP.

Para vinculacións temporais de **condutor/a de vehículos especiais de carácter sanitario**: Permisos de conducir das clases C e D, xunto cos certificados de aptitude profesional (CAP) de ambas as clases de permisos.

O **prazo** para presentar as solicitudes vai desde o día **30 de outubro ata o 30 de novembro de 2015**.

<http://www.sergas.es/Recursos-Humanos?idcatgrupo=11029>

Xuíz de paz do concello de Viana do Bolo

Xoves, 29 Outubro 2015 10:45

O **Concello de Viana do Bolo** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de novembro de 2015**. Máis información no **BOP de Ourense do 29 de outubro de 2015** e na **OMIX de Viana do Bolo**, teléfono 988 329 260.

Convocada 1 praza temporal de doutor no CSIC de Pontevedra

Xoves, 29 Outubro 2015 12:49

A praza é convocada polo **Centro Superior de Investigacións Científicas** para **titulacións de doutor**. Máis información www.060.es

Convocada bolsa de emprego de profesores ESO en Madrid

Xoves, 29 Outubro 2015 12:50

A **Comunidade Autónoma de Madrid**, convoca esta **bolsa de profesores de latín, alemán, informática**, como persoal funcionario interino.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **10 de novembro de 2015**. Máis información **BOCyM do 26 de outubro de 2015**.

Convocada 1 praza temporal de enxeñeiro/licenciado/graduado na UDC

Xoves, 29 Outubro 2015 12:54

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal, como **colaborador en proxectos de investigación**. O **prazo** de presentación de solicitudes é **10 días** desde a publicación o **28 de outubro de 2015**, na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal de enxeñeiro de camiños, canais e portos na UDC

Xoves, 29 Outubro 2015 12:55

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal, como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é **10 días** desde a publicación o **28 de outubro de 2015**, na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal de enxeñeiro informática ou graduado informática na UDC

Xoves, 29 Outubro 2015 12:55

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal, como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é **10 días** desde a publicación o **28 de outubro de 2015**, na páxina www.udc.es

Convocadas 2 prazas temporais de enxeñeiro de camiños, canais e portos na UDC

Xoves, 29 Outubro 2015 12:56

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal, como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é **10 días** desde a publicación o **28 de outubro de 2015**, na páxina www.udc.es

Persoal para a Autoridade Portuaria de Vigo

Martes, 03 Novembro 2015 07:38

A **Autoridade Portuaria de Vigo** realiza convocatoria para cubrir postos de traballo mediante contrato temporal de remuda ao 75 % da xornada:

1 praza de policía portuario/a, concurso de méritos.

2 prazas de xefe/a de equipo de policía portuario/a, concurso de méritos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de novembro de 2015**.

As bases da convocatoria e os impresos de solicitude están dispoñibles na páxina web <http://www.apvigo.es/>

Máis información no DOG do 3 de novembro de 2015.

Coordinador para Xestión do Solo de Galicia-Xestur

Martes, 03 Novembro 2015 08:20

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. necesita cubrir o **posto de coordinador/a da Unidade Territorial Sur**, provincia de **Pontevedra** e **Ourense**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de novembro de 2015**.

Máis información no DOG do 3 de novembro de 2015 e en <http://www.xesturgalicia.com/>

Convocadas 140 prazas de Xestión Procesal e Administrativa de Xustiza

Martes, 03 Novembro 2015 10:23

O **Ministerio de Xusticia**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 3 de novembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 77 prazas de auxiliar administrativo do Estado

Martes, 03 Novembro 2015 10:24

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas para atender a necesidade de persoal da Administración Pública.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 3 de novembro de 2015.** www.boe.es

Convocadas 92 prazas de técnico auxiliar de informática do Estado

Martes, 03 Novembro 2015 10:24

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas para atender a necesidade de persoal da Administración Pública.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 3 de novembro de 2015.** www.boe.es

Convocadas 120 prazas do Corpo de Xestión de Administración do Estado

Martes, 03 Novembro 2015 10:26

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas para atender a necesidade de persoal da Administración Pública.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 3 de novembro de 2015.** www.boe.es

Convocadas 80 prazas do Corpo de Xestión de Sistemas e Informática do Estado

Martes, 03 Novembro 2015 10:27

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas para atender a necesidade de persoal da Administración Pública.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 3 de novembro de 2015.** www.boe.es

Convocadas 15 prazas do Corpo Superior de Técnicos de Institucións Penitenciarias

Martes, 03 Novembro 2015 10:27

O **Ministerio de Interior** convoca **8 prazas de xuristas** e **7 de sicólogo** polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE 3 de novembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 21 prazas do Corpo Superior de Técnicos Comerciais e Economistas do Estado

Martes, 03 Novembro 2015 10:28

O **Ministerio de Economía e Competitividade**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información** www.boe.es

Convocadas 2 prazas de Policía Local no Concello de Lalín. (Pontevedra)

Martes, 03 Novembro 2015 10:29

O **Concello de Lalín**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información** www.boe.es

Convocadas 43 prazas do Corpo Superior de Técnicos da Seguridade Social

Martes, 03 Novembro 2015 10:30

O **Ministerio de Emprego e Seguridade Social**, convoca esta oposición, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información** www.boe.es

Convocada 1 praza temporal para licenciado enxeñeiro superior ou equivalente na UDC

Martes, 03 Novembro 2015 10:30

A **Universidade da Coruña**, convoca esta **praza como colaborador en proxecto de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días**, desde a publicación o **3 de novembro de 2015**. www.udc.es

Convocada 3 prazas temporais para licenciados/as enxeñeiros/as superior/a ou equivalente na UDC

Martes, 03 Novembro 2015 10:31

A **Universidade da Coruña**, convoca estas **prazas como colaborador en proxecto de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días**, desde a publicación o **3 de novembro de 2015**. www.udc.es

Convocada 1 praza de matemático na UDC

Martes, 03 Novembro 2015 10:32

A **Universidade da Coruña**, convoca esta **praza na Facultade de Informática**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días**, desde a publicación o **3 de novembro de 2015**. **Máis información** www.udc.es

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Vendedores/as Decathlon A Coruña

Martes, 27 Outubro 2015 08:12

Vendedores/as deportistas A Coruña

Multinacional especialista na creación e distribución de artigos deportivos Decathlon necesita incorporar vendedores/as para seu centro en A Coruña.

Posto compatible co estudo e a práctica do deporte.

Importante ser deportista e compartir a túa experiencia deportiva coa práctica comercial.

Terás teu propio ámbito de decisión e axudarás o teu responsable de área ou sección. Buscamos deportistas practicantes e orientados ó cliente.

Se ofrece incorporación inmediata.

Contrato de traballo de duración determinada.

Xornada laboral parcial de fin de semana.

Horario flexible compatible cos estudos.

<http://ofertas-emprego.empleo.monster.es/VENDEDORES-AS-DEPORTISTAS-A-CORU%C3%91A-trabajo-La-Coru%C3%B1a-Galicia-Espa%C3%B1a-103220891.aspx?ch=ELPAIS&jobPosition=9>

Responsable de Sección Decathlon A Coruña

Multinacional especialista na creación e distribución de artigos deportivos Decathlon necesita incorporar un xefe de sección para a súa tenda en A Coruña.

Contrato de traballo a tempo completo.

Xestionarás a túa área de traballo dentro da tenda como se forá o teu propio negocio.

Encabezarás un proxecto comercial, liderarás un equipo e xestionarás unha conta de resultados.

Se require se licenciado ou diplomado, apasionados do deporte e con dotes de liderar.

Se ofrece contrato de traballo indefinido e xornada completa.

<http://ofertas-emprego.empleo.monster.es/RESPONSABLE-DE-SECCI%C3%93N-A-CORU%C3%91A-trabajo-La-Coru%C3%B1a-Galicia-Espa%C3%B1a-103220931.aspx?ch=ELPAIS&jobPosition=10>

Responsable de Sección Decathlon-Oleiros A Coruña

Multinacional especialista na creación e distribución de artigos deportivos Decathlon necesita incorporar un xefe de sección para a súa tenda en Oleiros- A Coruña.

Contrato de traballo a tempo completo.

Xestionarás a túa área de traballo dentro da tenda como se forá o teu propio negocio.

Encabezarás un proxecto comercial, liderarás un equipo e xestionarás unha conta de resultados.

Se require se licenciado ou diplomado, apasionados do deporte e con dotes de liderar.

Se ofrece contrato de traballo indefinido e xornada completa.

<http://ofertas-emprego.empleo.monster.es/RESPONSABLE-DE-SECCI%C3%93N-OLEIROS-A-CORU%C3%91A-trabajo-Carballal-Galicia-Espa%C3%B1a-103220955.aspx?ch=ELPAIS&jobPosition=11>

Ofertas Servizo Público de Emprego 30/10/2015

Venres, 30 Outubro 2015 08:12

Pinche de cociña

- Localidade: Lugo
- Nº oferta: 12/2015/12117
- Data: 30/10/2015
- Requisitos: necesítanse axudantes de cociña con experiencia.

Monitores e/ou animadores deportivos

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/12209
- Data: 30/10/2015
- Requisitos: monitor/a de padel. Nivel iniciación e medio.

Monitores de aeróbic e semellantes

- Localidade: Vimianzo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/12251
- Data: 30/10/2015
- Requisitos: monitor/a con formación ou experiencia en bailes latinos e zumba.

Electricistas e/ou electrónicos de automoción, en xeral

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/12354
- Data: 30/10/2015

- Requisitos: electromecánico/a de automoción. Oficial de 1ª ou 2ª (24 meses de experiencia).

Profesores técnicos de formación profesional (fabricación mecánica)

- Localidade: Vigo (Pontevedra)

- Nº oferta: 12/2015/12357

- Data: 30/10/2015

- Requisitos: necesítase profesor/a técnico de formación profesional con titulación de enxeñeiro/a técnico/a industrial (especialidade en mecánica), posuír Celga 4 ou curso de perfeccionamento de galego e C.A.P. ou máster en ensino secundario.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net